

Estatutos do CORO AULA ABERTA da Asociación de Alumnos do PUM de Vigo

1

1. Para a mellor consecución dos seus fins, créase, dentro da Asociación, un coro baixo a denominación “**CORO AULA ABERTA**”, da Asociación de Alumnos do PUM da Universidade Vigo.
2. O Coro configúrase como unha sección da Asociación de xeito que, no desenvolvemento da súa actividade, a personalidade xurídica e a capacidade para contratar serán as da Asociación.
3. O representante do Coro será o Presidente da Asociación ou persoa na que este delegue.
4. O Coro contará cun Director artístico que será nomeado e contratado, e no seu caso destituído, pola Xunta Directiva en representación da Asociación de Alumnos. Dos ditos nomeamentos e destitucións deberase dar conta á Asemblea Xeral da Asociación.
5. O Director será o responsable do resultado artístico do Coro e corresponderalle a planificación das súas actividades, a elección do repertorio e a organización dos ensaios e actuacións, a realizar por propia iniciativa ou a proposta da Xunta Directiva. Tamén lle corresponderá decidir sobre a admisión daquelas persoas que se postulen como novos membros do Coro, segundo o establecido no apartado 9.
6. O Coro terá un Coordinador designado pola Xunta Directiva da Asociación e servirá de enlace entre esta e o Coro. O Coordinador será membro nato da Xunta Directiva e deberá reunir a dupla condición de ser socio da Asociación e membro do Coro.
7. O número máximo e mínimo dos compoñentes do Coro será fixado polo Director artístico co Visto e Prace da Xunta Directiva da Asociación.
8. Como mínimo, os 3/5 dos integrantes do Coro deberán ser membros da Asociación. A Xunta Directiva poderá variar dita proporción polos motivos que considere convenientes e sempre en beneficio do resultado artístico do Coro.

9. A admisión como membro do Coro deberá contar coa aprobación do Director artístico e co Visto e Prace do Coordinador. En caso de conflito, corresponderalle á Xunta Directiva da Asociación a decisión última no caso de expulsión.
10. A Asociación, por medio da súa Xunta Directiva, será quen determine e contrate os espazos ou locais onde se desenvolvan as distintas actividades do Coro.
11. Todos os ingresos e gastos do Coro, serán ingresos e gastos da Asociación.
12. A contía e modalidade de pago da cota mensual a abonar polos membros do Coro, serán fixadas pola Xunta Directiva.
13. O Coro poderá elaborar os seus propios orzamentos dentro da partida que lle sexa asignada pola Asociación. A responsabilidade da elaboración dos ditos orzamentos corresponderalle ao Tesoureiro da Asociación co Visto e Prace do Coordinador e a aprobación final pola Xunta Directiva. A responsabilidade pola xestión e execución do orzamento corresponderalle ao Coordinador. A os ditos efectos, o Coro poderá ter unha conta bancaria diferenciada, con titularidade da Asociación, con tres sinaturas: Presidente, Coordinador e Tesoureiro da Asociación, e da que poderán dispor conxuntamente con dúas sinaturas.
14. Os gastos do Coro que excedan do orzamento aprobado, deberán ser autorizados pola Xunta Directiva.
15. O Coro terá o seu propio regulamento de funcionamento interno, que deberá ser aprobado pola Xunta Directiva da Asociación.